



ANUNCIO DO TRIBUNAL PARA O PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN, ENCADRADAS NO GRUPO A SUBGRUPO A-1

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador, o día 13 de novembro de 2018, para proceder á súa cualificación aplicando os criterios de cualificación establecidos no artigo 5.1, apartado b), das bases reguladoras da convocatoria, as persoas aspirantes aprobadas obtiveron as seguintes cualificacións:

NOME E APELIDOS	NOTAS
FERNÁNDEZ VILLAR CARLOS	6,50

Os aspirantes admitidos ao proceso selectivo e non incluídos na anterior relación ou non se presentaron ou non superaron o exercicio, de conformidade co disposto no artigo 9 das bases xerais do proceso.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena núm.30 (baixo) e, de forma complementaria, se publique na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados, convocando aos candidatos que o superaron para a realización do **terceiro exercicio sobre coñecemento do idioma galego**. Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten, xunto coa solicitude de participación, o nivel de CELGA 4. Os participantes que si o acrediten non estarán obrigados a efectuar a proba de galego pasando directamente a fase de concurso sen obter puntuación por este exercicio, se ben, voluntariamente poderán presentarse a dita proba se pretenden obter puntuación por este exercicio; o día **23 de novembro de 2018, ás 10 horas na sala de xuntas do Concello de Pontevedra situado na rúa Michelena núm. 30.**

Documento asinado electrónicamente pola secretaria do tribunal, en Pontevedra na data indicada na sinatura electrónica que consta na marxe inferior deste anuncio.

